

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TUI

Subvencións e axudas

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO DE TUI A TRAVÉS DOS BONOS “ACTIVA TUI”

O Pleno da Corporación deste concello, en sesión de data 29 de decembro do 2020, aprobou as “Bases Reguladoras e Convocatoria para a Concesión de Axudas á Reactivación Económica do Concello de Tui a través dos Bonos “Activa Tui”, expoñéndose as mesmas no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello, así como na páxina web do Concello de Tui (www.tui.gal).

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO DE TUI A TRAVÉS DOS BONOS “ACTIVA TUI”

PRIMEIRA. CONTEXTO

A Organización Mundial da Saúde elevou o pasado 11 de marzo de 2020 a situación ocasionada pola Covid-19 de emerxencia de saúde pública a pandemia internacional. Ante a necesidade de conter a progresión da enfermidade, o Consello de Ministros, na súa reunión do 14 de marzo de 2020, aprobou o Real Decreto 463/2020, polo que se declara o Estado de Alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, e no seu artigo 7 se establecen limitacións á liberdade de circulación das persoas. Posteriormente, o Congreso dos Deputados autorizou ao Goberno a prorrogar o Estado de Alarma previamente decretado. As limitacións necesariamente impostas polo Estado de Alarma tiveron efectos negativos no ámbito económico.

A este respecto foi suspendida a apertura ao público de locais e establecementos de venda polo miúdo, así como o desenvolvemento de actividades que non foron as sinaladas no dito Real Decreto como de primeira necesidade, carrexando que moitas persoas que desenvolvían o seu traballo en diversos sectores económicos, por conta propia ou allea, víranse obrigadas a suspender ou reducir a súa actividade considerablemente.

Amais, unha vez que os sectores económicos reiniciaron a súa actividade, estanse a atopar con dificultades para poder sobrevivir, polo que se considera necesario prestarlle apoio para intentar revitalizar a actividade económica e social da localidade.

Por elo, o Concello de Tui considerou fomentar a campaña “ACTIVA TUI” para a adquisición de bonos de consumo para os sectores servizos, comercio, hostalería e restauración de Tui, co obxecto de fomentar o consumo local e dinamizar o entorno urbano.



Martes, 12 de xaneiro de 2021

Núm. 6

Os bonos intégranse dentro do Plan de Reactivación económica do concello de Tui e están concibidos como unha medida extraordinaria para axudar o tecido empresarial a paliar os efectos económicos negativos derivados da pandemia da COVID-19 nas microempresas e persoas traballadoras autónomas do termo municipal.

SEGUNDA. OBXECTO DA INICIATIVA

Esta iniciativa impulsada pola Concellería de Comercio e Mercados do Concello de Tui ten como principal obxectivo apoiar aos sectores de servizos, comercio, hostalería e restauración do municipio de Tui, tratando de impulsar o consumo de proximidade a través da posta en funcionamento dos bonos “ACTIVA TUI” para investir nos establecementos comerciais do municipio indicados nestas bases.

Constitúe o obxecto destas bases a regulación das axudas que o Concello de Tui outorgará, mediante concesión directa a través de bonos, aos establecementos adheridos á iniciativa, para promover a reactivación económica a través do consumo local, polo procedemento previsto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

TERCEIRA. CRÉDITO DISPOÑIBLE E COMPATIBILIDADE

O Concello de Tui destina a esta convocatoria a cantidade de 50.000,00 euros con cargo á partida orzamentaria 433.479.00.91.

As axudas contempladas nestas bases serán compatibles con calquera outra para a mesma finalidade sempre que o importe final subvencionado non supere o gasto total final realizado ou xustificado.

CUARTA. CARACTERÍSTICAS DA INICIATIVA “ACTIVA TUI”

“ACTIVA TUI” é unha campaña dirixida a promocionar os sectores servizos, comercio, hostalería e restauración de Tui co fin de reactivar a economía do municipio, impulsando o consumo consciente nos establecementos locais.

No marco desta iniciativa facilitarase de forma gratuíta, un bono de compras por persoa solicitante, por valor de 10€, a aquelas persoas que teñan 16 anos ou máis, no momento da solicitude do bono, para a súa utilización en establecementos dos sectores comercio, hostalería e servizos do municipio adheridos previamente a esta iniciativa, fomentando así o consumo local e contribuíndo a paliar os danos provocados pola actual conxuntura sanitaria e económica.

Os bonos serán nominativos mediante un código alfanumérico QR, asociado ao DNI/NIE de cada persoa. Trátase dun cupón cun código QR que a persoa que cumpra o requisito da idade indicado anteriormente poderá adquirir de maneira gratuíta a través da aplicación dixital habilitada a tal efecto na páxina web www.tui.gal. Estes bonos terán un valor de 10,00€, para utilizar como desconto en compras superiores a 25,00€.



Martes, 12 de xaneiro de 2021

Núm. 6

Establecese un máximo de 2 bonos por persoa usuaria ou consumidora. Os bonos non son fraccionables e cada bono será utilizado integramente nunha soa compra. Cada persoa poderá adquirir un máximo de 2 bonos.

Non se poderán trocar bonos do propio titular, dos seus familiares de primeiro grao e das persoas traballadoras da empresa no propio establecemento.

Os bonos non poderán ser trocados en metálico nin devoltos en ningún caso e terán a validez establecida máis adiante.

QUINTA. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS

Os requisitos que deberán cumprir os establecementos para poder adherirse á iniciativa e ser subvencionados a través destes bonos serán os seguintes:

a) Que se trate dunha actividade que se estea a desenvolver actualmente nun establecemento aberto ao público e situado en Tui. Este apartado poderá ser comprobado polo Concello.

b) Que se trate dunha actividade de hostalería ou restauración, concretamente bares, restaurantes e cafeterías, ou ben unha actividade comercial de comercio polo miúdo ou servizos, a excepción das actividades incluídas nos seguintes códigos CNAE:

- a) CNAE 472 Comercio ó por menor de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados
- b) CNAE 473. Comercio polo miúdo de combustible para a automoción en establecementos especializados.
- c) CNAE 9200. Actividades de xogos de azar e apostas.
- d) CNAE 4773. Comercio ó por menor de produtos farmacéuticos en establecementos especializados.

Os bonos ACTIVA TUI **non poderán ser utilizados** para o desconto na adquisición ou consumo dos seguintes produtos:

- Produtos de alimentación (sen que por estes se entendan os que se preparen en restaurantes, bares, cafeterías ou similares).
- Tabaco ou produtos para a súa manipulación ou consumo en calquera dos seus estados de comercialización.
- Alcol ou combinacións de bebidas con alcol en calquera dos seus estados de comercialización.
- Combustibles en calquera dos seus estados de comercialización.

c) Non ser filial de grandes firmas, cadeas comerciais, franquías ou empresas de implantación nacional ou internacional con máis de 10 persoas traballadoras. Quedan expresamente excluídos os entes públicos, as asociacións, fundacións, entidades sen ánimo de lucro, e aquelas empresas que formen parte dun grupo empresarial nos termos regulados no artigo 42 do Código de Comercio.



Martes, 12 de xaneiro de 2021

Núm. 6

d) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte á Seguridade Social, Axencia Tributaria estatal, Axencia Tributaria da Comunidade Autónoma e Concello de Tui. Este apartado será substituído pola declaración responsable de acordo co artigo 31.7.e) e f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e do artigo 11.h) e i) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

SEXTA. ADHESIÓN DOS ESTABLECEMENTOS Á INICIATIVA E SOLICITUDE DE AXUDA

Para que os establecementos se adhiran a esta iniciativa deberán acceder a páxina do Concello www.tui.gal e realizar o rexistro a través do formulario habilitado na aplicación creada para esta iniciativa No formulario de solicitude, a persoa solicitante autorizará ao Concello de Tui a verificar de oficio e de forma directa os requisitos que debe cumprir o establecemento para participar nesta iniciativa.

A utilización da app ou o uso da web suporá a aceptación das súas condicións de uso e da política de protección de datos conforme á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.

As solicitudes de adhesión poderán presentarse a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e ata o 28 de xaneiro de 2021 sen prexuízo de que o Concello poida modificar dita data. Unha vez realizada a inscrición o servizo responsable da xestión dos bonos validará as solicitudes que cumpran os requisitos de participación. A listaxe definitiva de establecementos autorizados e adheridos será publicada na aplicación habilitada na web do Concello para o efecto con data límite o día 1 de febreiro de 2021, sen prexuízo de que o Concello poida modificar dicha data.

O servizo do Concello responsable da xestión do bono realizará o rexistro de entrada das solicitudes realizadas a través da aplicación para constancia da mesma, ben en formato individual ou ben por relación de solicitudes. De ser o caso e si se considera oportuno, poderá ser requirida a documentación seguinte:

- Fotocopia do NIF/CIF
- Certificado de alta no IAE beneficiario
- Ultimo recibo de autónomos
- Certificado de conta bancaria
- Outra documentación.

SÉPTIMA. OBLIGACIÓNS DO ESTABLECEMENTO ADHERIDO

Os establecementos adheridos comprométense a:

Aportar en tempo e prazo a documentación que lle sexa requirida polo servizo responsable da xestión da campaña no Concello.



Martes, 12 de xaneiro de 2021

Núm. 6

Facer un uso responsable das ferramentas informáticas para a xestión dos bonos

Verificar no momento da venta o bono, ben descargado nun dispositivo móbil ou impreso xunto co DNI/NIE do cliente para comprobar que o bono está asociado a ese DNI/NIE.

No momento da venta, e en tempo real o establecemento beneficiario da convocatoria, introducirá o código do bono na plataforma web de xestión para comprobar a súa validez, xunto co número de ticket de venta da operación, fecha e importe da venta, entre outros.

No caso de que a plataforma admita ese bono, o establecemento aplicará o desconto ó cliente, gardando copia do ticket de venta xunto co bono, no caso de que fora impreso, entregado polo cliente para a súa xustificación e posterior canxe. No suposto de presentación do bono mediante dispositivo móbil o establecemento deberá gardar copia do ticket ou factura.

Recibir e colocar os materiais informativos da campaña “ACTIVA TUI”, nun lugar visible do establecemento. Esta información será facilitada polo Concello. A dita documentación consistirá en:

- Bases da iniciativa.
- Cartel/ adhesivo de identificación da mesma.

Cumprir e velar polo cumprimento estrito das presentes bases e comunicar ao Concello de Tui calquera incidencia ou mal uso dos bonos que poidan observar nas súas instalacións.

- Prohíbese expresamente a utilización dos bonos en compras ou consumicións de bebidas alcohólicas ou combinacións de bebidas con alcol en calquera dos seus estados de comercialización (artigo 12 da Lei 5/2018, do 3 de maio, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas na infancia e na adolescencia) ou de produtos do tabaco ou produtos para a súa manipulación ou consumo en calquera dos seus estados de comercialización (artigo 3 da Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venta, o subministro, e o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco), nin para a compra de combustibles en calquera dos seus estados de comercialización, nin tampouco para a compra de produtos de alimentación (sen que por estes se entendan os que se preparen en restaurantes, bares, cafeterías ou similares).

Os establecementos participantes están obrigados a solicitar o DNI/NIE da persoa consumidora verificando a coincidencia entre o bono e o DNI/NIE.

No caso de devolucións de produtos adquiridos con bono desconto, non se procederá ao reintegro do importe en metálico, se non que se deberá entregar un vale a trocar para futuras compras.

A descarga da APP ou o uso da web suporá a aceptación dos seus condicións de uso e da política de protección de datos conforme a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.



Martes, 12 de xaneiro de 2021

Núm. 6

OITAVA. SOLICITUDE E OBTENCIÓN DOS BONOS “ACTIVA TUI” POR PARTE DAS PERSOAS INTERESADAS

Os bonos poderanse solicitar do **1 de febreiro ao 30 de marzo de 2021 ou ata que o presuposto se esgote** sen prexuízo de que o Concello poida modificar dita data, en caso de que a totalidade dos bonos que se porán a disposición (5.000 BONOS) foran dispensados con anterioridade á data final indicada.

Poderán solicitar e obter os bonos de maneira gratuíta, as persoas que **teñan 16 anos ou máis** no momento da solicitude do bono, a través do formulario electrónico habilitado ao efecto na páxina web **www.tui.gal**. A utilización da app ou web para tal fin suporá a aceptación das súas condicións de uso e da política de protección de datos conforme á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía de Dereitos Dixitais.

Os bonos “ACTIVA TUI”, serán remitidos a persoa solicitante a través do correo electrónico facilitado, unha vez que se comprobe que cumpre os requisitos. Para elo, a persoa solicitante do bono autorizará ao Concello a través do propio formulario web para que o departamento responsable da axuda consulte a información facilitada. O bono enviado deberá presentarse descargado correctamente nun dispositivo móbil ou debidamente impreso, no establecemento adherido á convocatoria no que se desexe trocar. Os clientes deberán presentar obrigatoriamente os DNI orixinais no momento do canxe do bono. Os bonos son persoais e intransferibles xa que van asociados a un DNI.

De forma excepcional, para aquelas persoas que por determinadas circunstancias e que non dispoñan de outros medios para obter o bono, descargado nun dispositivo móbil ou impreso, habilitaranse puntos de recollida de bono impreso nas instalacións municipais mediante cita previa nos teléfonos que se publicarán na plataforma web **www.tui.gal**, e sempre mediante presentación do DNI/NIE. A entrega do bono solo será realizada ás persoas titulares non sendo admitidas autorizacións de recollida.

O servizo do Concello responsable da xestión do bono realizará o rexistro de entrada das solicitudes realizadas a través da aplicación dixital habilitada a tal efecto para constancia das mesmas, ben en formato individual ou ben por relación de solicitudes.

NOVENA. UTILIZACIÓN DOS BONOS “ACTIVA TUI”

As persoas que recibiran os bonos **poderán utilizalos dende a súa recepción ata o 30 de marzo de 2021 incluído ou ata rematar o número total de bonos si esta fora anterior**, sen prexuízo de que o Concello poida modificar dita data.

Por cada compra superior a 25,00€ poderase descontar un bono por valor de 10,00 €. Non se poderá trocar máis dun bono por compra. Os bonos utilizaranse polo seu importe completo nunha sola compra.

Para alcanzar o máximo número de establecementos, en cada establecemento adherido a esta campaña poderase recibir un máximo de 100 bonos. No momento en que o comercio reciba 100 bonos, retiraranse os materiais de información da campaña e non se poderán recibir máis bonos da cidadanía.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:ES5JN4DPKVJ0ZX0G



Martes, 12 de xaneiro de 2021

Núm. 6

A utilización dos bonos deberá realizarse de forma responsable, tendo en conta que ningún bono poderá ser trocado por diñeiro en metálico e o seu importe en ningún caso será devolto. No caso de devolucions de produtos adquiridos con bono desconto, non se procederá ao reintegro do importe en metálico, senón que se deberá entregar un vale a trocar para futuras compras.

DÉCIMA.- ÓRGANO COMPTETENTE

O órgano competente para a adxudicación das axudas será a Xunta de Goberno Local. Una vez presentada a documentación por parte dos solicitantes, adoptarse acordo por parte da Xunta de Goberno para a concesión da subvención.

DÉCIMO PRIMEIRA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN E PROCEDEMENTO DE PAGO

Para a xustificación da subvención, os establecementos deberan introducir na aplicación habilitada o código QR do bono aplicado e o ticket de compra sobre o que se aplica o desconto, mediante ordenador, móvil ou por escaneado do código QR no momento da compra.

É moi importante que se introduza o código do bono no mesmo momento da compra para que o bono quede asignado a ese establecemento e automaticamente invalidado. No prazo máximo de 30 días desde a presentación da xustificación e tras a oportuna comprobación dos tickets cos seus correspondentes bonos, realizarase o reintegro dos descontos realizados na conta bancaria facilitada. A data máxima de xustificación será **o día 5 de abril de 2021 incluído**.

A non presentación en prazo da xustificación económica da axuda significará a súa desestimación.

A concesión e o pago da subvención realizaranse previa presentación da documentación xustificativa.

Para a recepción do pago, cada establecemento cubrirá a través da aplicación un número IBAN bancario de conta. A conta bancaria indicada estará dedicada á actividade económica para a que se solicita o bono ACTIVA TUI podendo o Concello, solicitar documentación que acredite a relación entre unha e outra. O pago ingresarase na conta bancaria facilitada polo establecemento adherido **no prazo máximo de 1 mes** dende a presentación correcta da xustificación, e sen prexuízo de que o Concello poida modificar dita data. As entidades beneficiarias deberán estar ao corrente das súas obrigas coa facenda local, autonómica, estatal e coa seguridade social.

DÉCIMO SEGUNDA.- NORMATIVA APLICABLE

O marco normativo polo que se rexerá o programa de axudas está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricions relativas ás subvencions ou sexan susceptibles de producir efectos en dito ámbito:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencions
Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencions.



Martes, 12 de xaneiro de 2021

Núm. 6

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015 do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 3/2018 do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

DÉCIMO TERCEIRA.- INCORPORACIÓN AO RESISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

En cumprimento do disposto no artigo 18.2. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Tui remitirá á Base de Datos Nacional de Subvencións a información correspondente.

DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A efectos de salvagardar o dereito das persoas participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos dispostos na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao Rexistro Público de Subvencións. Os datos serán tratados coa finalidade específica da convocatoria de axudas correspondente aos bonos "ACTIVA TUI", de conformidade coa regulación establecida na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

Tui, O alcalde – Enrique Cabaleiro González.

(Documento asinado dixitalmente á marxe).

